

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 17 de abril de 2008 pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria correspondentes ao curso 2007-2008.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece entre os seus principios o de proporcionar unha educación de calidade para todo o alumnado independentemente das súas condicións e circunstancias, xunto coa equidade na súa repartición. Así mesmo, determina que o sistema educativo se orientará, entre outros fins, á consecución dunha educación baseada na responsabilidade individual, o mérito e esforzo persoal e o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos e o desenvolvemento da creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

O Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 13 que a dita etapa se organiza de acordo cos principios de educación común e atención á diversidade e que as medidas que se establezan neste ámbito estarán orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da etapa, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, convoca na actualidade dúas modalidades de premios extraordinarios, ambas as dúas dirixidas a niveis educativos non obrigatorios.

Conscientes, igualmente, da importancia de recoñecer e valorar publicamente os comportamentos excepcionais dos alumnos e alumnas dos niveis da educación básica, de seguir avanzando na consecución dunha igualdade de oportunidades efectiva, e de procurar un ensino comprensivo e integrador, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

### DISPÓN:

#### CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

##### Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

Convócanse en Galicia os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria correspondentes ao curso 2007-2008 co obxecto de dar recoñecemento público ao esforzo e dedicación do alumnado desta etapa educativa, reforzar aqueles aspectos que inciden na mellora do sistema educativo e xuntar excelencia con equidade, igualdade de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento persoal.

##### Artigo 2º.-*Modalidades.*

Poderase concorrer aos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria nunha das seguintes modalidades:

a) Premios extraordinarios ao esforzo e superación persoal, dirixidos ao alumnado que rematou a educación secundaria obrigatoria e que demostrou ao longo desta etapa a súa constancia e capacidade para superar as especiais condicións de desvantaxe persoal, familiar ou social.

b) Premios extraordinarios ao rendemento académico, dirixidos ao alumnado que finalizou os seus estudos de educación secundaria obrigatoria e que teña destacado pola excelencia dos seus resultados académicos ao longo desta etapa.

##### Artigo 3º.-*Número e características dos premios.*

1. Poderase conceder ata un máximo de 10 premios extraordinarios na modalidade a) e ata un máximo de 20 premios na modalidade b).

2. O alumnado que resulte premiado recibirá un diploma acreditativo e un ordenador portátil. Para estes efectos aplicarase o disposto no convenio entre a Xunta de Galicia e *Caixanova* para a colaboración educativa na etapa de educación secundaria obrigatoria, do 26 de marzo de 2008, segundo o cal a contía achegada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.423A.480.1 dos orzamentos da Xunta de Galicia do ano 2008, non poderá superar os 10.000 €.

3. Os premios estarán suxeitos ás retencións que legalmente correspondan.

##### Artigo 4º.-*Condicións xerais de participación.*

Sen prexuízo do que se estableza a continuación para cada unha das modalidades de premios, poderá

optar a estes o alumnado que reúna as seguintes condicións:

a) Cursar durante o curso 2007-2008 cuarto curso de educación secundaria obrigatoria no réxime ordinario en calquera dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Estar proposto polo equipo docente para a expedición do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

c) Estar proposto polo centro escolar.

*Artigo 5º.-Prazo de presentación de propostas.*

1. O período de presentación de solicitudes será o comprendido entre o 23 de xuño e o 12 de xullo de 2008, ambos os dous inclusive.

2. Para o alumnado que remate a educación secundaria obrigatoria na convocatoria de setembro, establécese un prazo extraordinario de solicitude ata o día 10 de setembro de 2008.

## CAPÍTULO II

### PREMIOS EXTRAORDINARIOS AO ESFORZO E SUPERACIÓN PERSOAL

*Artigo 6º.-Requisitos específicos de participación.*

1. Ademais das condicións xerais de participacións a que se refire o artigo 4º, as alumnas e alumnos que sexan propostos a premio extraordinario por esta modalidade deberán merecer, ao xuízo do equipo docente, un especial recoñecemento pola dedicación e esforzo demostrado ao longo da etapa en superar as súas dificultades, ben de tipo persoal, educativas e/ou do contorno familiar e sociocultural, polo que se significan singularmente e se fan merecedores de ser presentados polo centro educativo en que cursa estudos a esta modalidade de premios.

2. O perfil do alumnado obxecto destes premios correspóndese con:

a) Alumnado que procede de contornos socioculturais desfavorecidos ou de contornos familiares disfuncionais, que supoñan desvantaxe manifesta de cara a conseguir rematar os seus estudos.

b) Alumnado que pertence a minorías étnicas, sempre que iso supoña limitacións no acceso e permanencia na escolaridade.

c) Alumnado procedente do estranxeiro, con incorporación tardía ao sistema educativo do noso país ou con ausencia ou limitación no dominio do idioma en que se imparte o currículo.

d) Alumnado en proceso de superación de enfermidades crónicas ou con discapacidades que condicionan o seu rendemento escolar, a súa relación persoal e a súa inserción social.

*Artigo 7º.-Selección dos candidatos nos centros educativos.*

1. Nos centros educativos constituirase unha comisión do centro formada polo director ou directora, o

xefe ou xefa de estudos, as persoas titoras de cuarto curso e o xefe ou xefa do Departamento de Orientación.

2. Esta comisión será a encargada de seleccionar, de entre os candidatos propostos polo equipo docente correspondente, o alumnado en que concorran as circunstancias de idoneidade para ser proposto para premio, tendo en conta o esforzo persoal realizado e as súas dificultades persoais, educativas e/ou do contorno familiar e sociocultural. A selección realizárase sobre a base do informe a que se refire o artigo 9º.

3. O acordo reflectirase en acta. O centro educativo comunicarlle ao alumnado seleccionado ou aos seus representantes legais, no caso de seren menores de idade, a intención de realizar a dita proposta e requirirase deles o seu consentimento expreso.

*Artigo 8º.-Documentación.*

1. Os centros educativos enviarán a proposta nos prazos determinados no artigo 5º, acompañada da seguinte documentación:

- a) Instancia segundo modelo recollido no anexo I.
- b) Consentimento do alumno, alumna ou representantes legais, segundo modelo recollido no anexo II.
- c) Fotocopia cotexada do documento de identidade ou do pasaporte.
- d) Certificación académica.
- e) Informe xustificativo da proposta realizada segundo o indicado no artigo 9º. O dito informe será elaborado polo titor ou titora en colaboración coa xefatura do Departamento de Orientación e nel darase conta das especiais condicións da escolaridade do alumno ou alumna proposta.
- f) Ademais da documentación anterior, poderase xuntar canta documentación se xulgue necesaria para acreditar os méritos da persoa candidata.

2. A documentación enviarase á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 2, 1º andar, 15781 Santiago de Compostela.

*Artigo 9º.-Informe xustificativo da proposta.*

Co fin de que a comisión de selección prevista no artigo 15º poida valorar o máis obxectivamente posible a idoneidade das propostas, no informe xustificativo previsto no artigo 8º e) farase constar:

- a) A descrición exhaustiva e razoada das dificultades persoais, educativas ou do contorno sociofamiliar da persoa candidata, que ao xuízo do equipo docente dificultaron o seu desenvolvemento educativo.
- b) As medidas de apoio adoptadas polo centro educativo en relación ás necesidades educativas do

alumno ou alumna e a súa repercusión no progreso escolar.

c) O grao de consecución das capacidades e dos obxectivos da etapa e a persistencia no seu logro, así como a valoración do esforzo persoal.

d) A descrición e xustificación de calquera outra circunstancia que ao xuízo do centro educativo mereza ser tida en conta pola comisión de selección.

### CAPÍTULO III

#### PREMIOS EXTRAORDINARIOS AO RENDIMENTO ACADÉMICO

##### Artigo 10º.-*Requisitos específicos de participación.*

1. Ademais das condicións xerais de participacións a que se refire o artigo 4º, a media das cualificacións dos alumnos e alumnas propostos para premio extraordinario pola modalidade b) desta convocatoria debe ser igual ou superior a 9 puntos.

2. Esta nota media será a media aritmética das cualificacións en todas as áreas e materias dos catro cursos da etapa.

3. Segundo o establecido nas disposicións adicionais do Decreto 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria, para a obtención da nota media non se terá en conta a área de relixión.

4. As áreas validadas ou exentas non serán tidas en conta para o cálculo da nota media.

5. A media das cualificación da etapa expresárase cun só decimal e deberase reflectir na certificación académica á cal se fai referencia no artigo 13º d) desta orde.

##### Artigo 11º.-*Selección dos candidatos nos centros educativos.*

As direccións dos centros educativos poderán propor o alumnado que cumpre cos requisitos de participación pola modalidade b) desta convocatoria e comunicarlle a intención de realizar a dita proposta ao alumnado seleccionado ou aos seus representantes legais, no caso de seren menores de idade, requirindo deles o seu consentimento expreso.

##### Artigo 12º.-*Realización da proba para obtención do premio.*

1. Os aspirantes aos premios extraordinarios ao rendimento académico deberán realizar unha proba estruturada en dúas partes. A primeira delas terá unha duración máxima de dúas horas e a segunda de hora e media.

a) A primeira parte constará de diversas cuestións referidas ás seguintes áreas de cuarto curso: lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, matemáticas, ciencias sociais, xeografía e historia e primeira lingua estranxeira. No caso de alumnado con exención en lingua galega e literatura, este quedará exento da realización da correspondente parte da

proba, sempre e cando a dita exención fose acreditada documentalente.

b) Na segunda parte o alumnado dará resposta a diversas cuestións de dúas áreas ou materias do currículo de cuarto curso para escoller de entre as seguintes: física e química, música, bioloxía e xeoloxía, tecnoloxía e educación plástica e visual.

c) Para poder aspirar ao premio deberase obter, como mínimo, cinco puntos en cada unha das partes da proba.

2. Cada parte da proba cualificarase entre 1 e 10 puntos e só se poderá utilizar un decimal. No cálculo da nota final, a primeira parte suporá un 60% dela e a segunda o 40% restante.

3. Posto que o número de premios propostos non pode ser superior a aquel que resulte da aplicación do artigo 3º desta orde, en caso de empate darase preferencia á mellor nota media á que se refire o artigo 10.1º; despois, á cualificación da primeira parte da proba e, finalmente, á cualificación da segunda parte dela. De persistir o empate, a comisión de selección procederá a realizar un sorteo.

4. As probas realizaranse nos lugares e datas que se publicarán oportunamente no *Diario Oficial de Galicia*.

##### Artigo 13º.-*Documentación.*

1. Os centros educativos enviarán as propostas nos prazos determinados no artigo 5º acompañadas da seguinte documentación:

- a) Instancia segundo modelo recollido no anexo I.
- b) Consentimento do alumno, alumna ou representantes legais, segundo modelo do anexo II.
- c) Fotocopia cotexada do documento de identidade ou do pasaporte.
- d) Certificación académica con constancia da nota media.

2. A documentación enviarase á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 2, 1º andar, 15781 Santiago de Compostela.

### CAPÍTULO IV

#### SELECCIÓN E CONCESIÓN DOS PREMIOS

##### Artigo 14º.-*Publicación das candidaturas.*

1. A relación provisional de admitidos e excluídos en ambas as dúas modalidades farase pública antes do 20 de setembro de 2008 no portal educativo da Xunta de Galicia [www.edu.xunta.es/portal](http://www.edu.xunta.es/portal). Os interesados poderán presentar contra ela as alegacións que consideren oportunas nun prazo de cinco días hábiles a partir da data de publicación.

2. A relación definitiva de candidaturas publicárase antes do 11 de outubro de 2008 no portal educativo [www.edu.xunta.es/portal](http://www.edu.xunta.es/portal).

Artigo 15º.-*Comisión de selección dos aspirantes a premio.*

1. Co fin de elaborar as probas, así como supervisar e valorar os méritos dos participantes, constituirase unha comisión presidida pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, o xefe do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo e ata un máximo de tres vogais máis, pertencentes ao corpo de inspectores de educación e/ou profesorado de ensino secundario, designados pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Actuará como secretario ou secretaria, con voz e sen voto, un funcionario ou funcionaria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

2. Para os efectos de colaboración no disposto no parágrafo anterior, poderanse constituír comisións delegadas integradas por membros da comisión a que se fai referencia no punto anterior e outras persoas especialistas.

3. No caso da modalidade de premios extraordinarios ao esforzo e superación persoal, a comisión de selección valorará as propostas presentadas atendendo aos seguintes criterios:

a) A información contida nos informes e na documentación complementaria achegada: 80% da valoración.

b) Os méritos académicos obtidos na etapa de educación secundaria obrigatoria: 20% da valoración.

Artigo 16º.-*Resolución provisional da concesión dos premios.*

1. A comisión fará pública a relación provisional de persoas propostas para premio no portal educativo [www.edu.xunta.es/portal](http://www.edu.xunta.es/portal).

2. Contra ela poderase presentar reclamación mediante instancia dirixida á presidenta da comisión de selección, presentándoa no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano de Santiago de Compostela, no prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa publicación.

Artigo 17º.-*Resolución definitiva.*

1. Unha vez resoltas as reclamacións, a comisión elaborará a acta coa proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios.

2. A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa elevará a dita proposta para a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución de concesión ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

3. O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de tres meses desde o día

seguinte ao do remate do prazo extraordinario de presentación de solicitudes; terá efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

4. Contra a resolución de adxudicación dos premios poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben impugnala directamente na vía xurisdiccional ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, de conformidade cos artigos 20, 44 e 46 da Lei 9/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 18º.-*Transparencia das prácticas da Administración.*

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-A obtención destes premios non supón incompatibilidade coa obtención doutros galardóns.

Segunda.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar cantas normas sexan oportunas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Terceira.-Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben impugnala directamente na vía xurisdiccional ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, de conformidade coa Lei 9/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Cuarta.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

